

CONVOCATORIA DOS PREMIOS Á MELLOR INVENCIÓN PROTEXIDA MEDIANTE DEREITOS DA PROPIEDADE INDUSTRIAL

O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo publicou a través do BOE a Orde ministerial pola que se aproban as **bases reguladoras da concesión dos premios á mellor invención protexida mediante dereitos de propiedade industrial** (Orde ICT/861/2021, [BOE núm. 189](#), do 9 de agosto de 2021).

Con estes premios, preténdese apoiar e fomentar a actividade investigadora, científica e tecnolóxica e a súa correspondente protección dos dereitos de propiedade industrial a través do sistema de patentes e modelos de utilidade. Esta práctica xera un beneficio non só para os que a poñen en marcha, senón tamén para toda a sociedade, xa que potencia a actividade creadora e inventora e incrementa o coñecemento e os avances tecnolóxicos.

O obxectivo final é recoñecer a importancia da actividade innovadora como motor do desenvolvemento tecnolóxico, «baixo o convencemento de que só os países que respectan, privilexian e recoñecen axeitadamente o afán investigador, do que os dereitos da propiedade industrial son parte inherente e incuestionable, poden acadar altas cotas de desenvolvemento e benestar sustentables».

Estes premios distinguen a protección de resultados de investigación mediante patentes e modelos de utilidade concedidos cada ano pola Oficina Española de Patentes e Marcas, O.A., (OEPM).

CONVOCATORIA DOS PREMIOS OEPM Á MELLOR INVENCIÓN PROTEXIDA

Orde ministerial que aproba as bases dos premios

Fichas resumo da convocatoria

Prazo de presentación:

Dende o 10 agosto 2021 ata o 10 setembro 2021.